



## DICIONARIO

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Demo asubiador*

Verdade ou lenda, alí onde o río dos Gafos se nomea río da Estación, en Figueirido, concello de Vilaboa (Pontevedra), acostuma escravellar un trasno rebuldeiro, o demo asubiador. O tal perello ten por ocupación escoller no aninovo o parvo da aldea, un parvo por ano. O demo inviste o seu lecer, que é moito, asubiando no ouvido do escolleito. A vítima pasa o ano escoitando campás e sen saber onde. Cumprido o prazo, o mítico pillabán afánase na elección doutro coitado, e, segundo din, isto leva acontecendo dende que as orellas penduran da cachola. [Texto remitido por Calros Solla. Informante: Pedro Aboi Santos, 65 anos]



## BIBLIOGRAFÍA

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

## COMENTARIOS ENVIADOS

Hola: gracias por el recuerdo, ahora me explico una frase que me decía mi madre, cuando de niño, me escuchaba silbar de noche.( ahora tengo 60 años ( disculpas po lo rustico de meu galego) "Quen de noite asubia po lo demo pia" como una admonicion. Mi madre fallecio en Buenos Aires hace 15 años, vino de Lugo muy joven y nunca volvio a su Monterroso natal ( aldea de Novelua)

Enviado por Alejandro Manuel Rodríguez Castiñeira o 05/01/2010 ás 17:15:58

joerrrr ! esa historia me la contaba mi abuelo.

poco antes de morir, allá por el 1972 me acuerdo que a veces comía en su colo, yo solo tenía 6 años y para mantenerme entretenido me contaba historias. recuerdo que una de ellas era la del "demo da estación". efectivamente contaba que cada año escogía a una persona de las más "torpes" que veía para silvarle cada vez que pasara cerca. le silvaba como llamándole para que la víctima buscara quien lo estaba llamando y terminando sin saber quien era. mi abuelo que tenía la cabeza muy bien amueblada y no creía más allá de lo que veía, me parece que era el único personaje "sobrenatural" en el que de verdad creía.

Enviado por pablo o 31/12/2009 ás 14:29:06